

Estimada/o enxeñeira/o:

A Xunta de Goberno do Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia (CPEIG) ten o pracer de comunicarlle a convocatoria da Asemblea Xeral Ordinaria, que se celebrará o vindeiro día 29 de xuño e de acordo á seguinte:

Data, hora e lugar

Data.....29 de xuño de 2022

Hora.....19.00 en 1ª convocatoria e 19.30 en 2ª convocatoria

Lugar.....Online a través da plataforma CouncilBox

Motivación

O colexio celebrará a súa Asemblea Xeral Ordinaria que, segundo recollen os estatutos vixentes, debe ter lugar durante o primeiro semestre do ano. O obxectivo é poñer en coñecemento dos membros colexiados as contas do ano vencido, así como os orzamentos para o ano en curso.

Todas/os as/os colexiadas/os contan con voz na asemblea, de xeito que é posible realizar críticas e suxestións que permitan orientar posibles eidos de actuación e melloras na xestión, para así conducir ao colexio a un mellor funcionamento e representación dos intereses comúns do conxunto de enxeñeiras/os da nosa comunidade.

Orde do día

1. Lectura e aprobación das contas.
2. Lectura e aprobación dos orzamentos e cotas de colexiación.
3. Rogos e preguntas.
4. Lectura e aprobación da acta da Asemblea Xeral ordinaria 2022/02

Documentación relacionada coas asembleas

Nos días anteriores á asemblea estará dispoñible no sitio web do colexio, no enderezo <https://www.cpeig.gal/colexio/assemblea-xeral/assemblea-xeral-ordinaria2-2022>, toda a información relevante sobre os temas obxecto da orde do día.

Requisitos para participar na asemblea

Recibirá un mail da plataforma Councilbox onde poderá ver os requisitos técnicos para poderse conectar á asemblea.

O día de celebración da asemblea, enviarse ao mail do membro colexiado a ligazón co acceso a sala virtual e a clave de acceso a mesma.

Se mudou de email, pode actualizalo pódose en contacto con: secretario@cpeig.gal.


Santiago de Compostela, 14 de xuño de 2022

O secretario



Juan José González Cid

v. e pr. O presidente



Fernando Suárez Lorenzo